CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Corrixir mellorar a súa propia redacción		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
15	Unidade 15	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar significado e intención comunicativa de textos literarios adecuados ó seu nivel		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Buscar a precisión léxica e a corrección gramatical e ortográfica nos seus comentarios de textos literarios		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar significado e intención comunicativa de textos literarios adecuados ó seu nivel	PE	55
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona e obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elaborar un comentario de textos literarios do Rexurdimento adecuados ó seu nivel		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Lectura de textos literarios do Rexurdimento adecuadas ó seu nivel		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Conversar (en público ou en privado) sobre textos literarios do rexurdimento adecuados ó seu nivel		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Imitar iou crear textos literarios a partir doutros do Rexurdimento	TI	45
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Corrixir mellorar a súa propia redacción		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
16	Unidade 16	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar significado e intención comunicativa de textos literarios adecuados ó seu nivel	PE	65

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Buscar a precisión léxica e a corrección gramatical e ortográfica nos seus comentarios de textos literarios		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar significado e intención comunicativa de textos literarios adecuados ó seu nivel		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona e obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elaborar un comentario de textos literarios do RExurdimento adecuados ó seu nivel		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Lectura de textos literarios do RExurdimento adecuadas ó seu nivel		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Conversar (en público ou en privado) sobre textos literarios do rexurdimento adecuados ó seu nivel	TI	35
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Corrixir mellorar a súa propia redacción		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo</li> </ul>



## Contidos

- de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétese na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela.

A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter moi en conta á hora de programar as nosas actividades docentes. Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

- Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información.
- Propiciar a implementación de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios e fontes, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.

- Propiciar non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, a elaboración de discursos argumentativos e o espírito crítico e cooperativo.
- Facer lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- Propiciar dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.
- A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentarse o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación da profesora. A función do ensinante consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistras e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.
- O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurarase en ocasións a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregaranse outros textos non literarios para recoñecer e analizar os procesos de construción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme eses procedementos construtivos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

Canto aos materiais, traballarase con libro de texto (Lingua e Literatura 1º Bacharelato, da autoría de Isabel González Avión, Emilio Xosé Ínsua López e Ramón Rocamonde Gómez, publicado polo Consorcio Editorial Galego con ISBN 978-84-9995-169-0), que o alumnado manexará de xeito bastante autónomo, facendo as súas consultas guiado pola profesora, realizando as actividades e comentarios de texto que nel se propoñen e, finalmente, elaborando as súas propias notas, guións, resumos e esquemas para desenvolver os distintos temas.

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas de traballo e cadernos de traballo.
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas, como dicionarios enciclopédicos, coleccións de historia de Galiza e de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación...
- Vídeos en DVD ou na Rede.
- Páxinas Web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise.

No espazo web da propia editora do libro de texto encontraremos unha batería de materiais complementarios e actividades que poderá servir de punto de partida para que o alumnado faga un manexo enriquecedor das novas tecnoloxías.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A profesora realizará unha avaliación inicial ao principio de curso. Estará deseñada para detectar as dificultades individuais e/ou colectivas relacionadas coa materia de Lingua Galega e Literatura. Asemade, procurará descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas calidades, preferencias e afeccións para aproveitalas e poñelas en relación coa metodoloxía e ao servizo do éxito das actividades que se desenvolvan.

A avaliación inicial constará de varias partes que contemplarán a expresión oral, a comprensión lectora e a expresión escrita. Con este obxectivo non se realizará unha única proba, senón que se desenvolverán unha serie de actividades durante as primeiras sesións do mes de setembro. No deseño das mesmas non poderá faltar unha sesión de presentación oral dos integrantes do grupo e a

lectura en voz alta dalgún texto que posteriormente servirá para traballar a comprensión, a expresión escrita e outros aspectos.

Como xa se indicou anteriormente, esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cuestións, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias para o alumnado e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo. Tamén servirá para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

En 1º de bacharelato, esta avaliación inicial concretarase na redacción dun texto sobre un tema de actualidade dun tamaño mínimo adecuado ó seu nivel (un cara dun folio) e no que se vexa obrigado a seleccionar información, sintetizala, organizala e presentala de maneira adecuada. Ó fin e ó cabo, redactar e a mellor maneira de demostrar os coñecementos adquiridos ata o momento, for no ensino regrado, for de maneira autodidacta (especialmente a través da lectura). Unha redacción permite demostrar non só os coñecementos básicos (ortográficos, morfolóxicos, sintácticos...) senón tamén todos os relativos ás propiedades textuais (adecuación, cohesión e coherencia) e tamén as características de cada tipo de textos. Se ademais a redacción é sobre un tema de actualidade, demostra a contribución do alumnado ó mundo que o rodea, o seu compromiso coa sociedade e a súa implicación na realidade na que vive.

En definitiva, o bacharelato ten como primeira finalidade proporcionarlle ó alumnado madurez intelectual e humana e coñecementos e habilidades que os faculden para desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e rigor.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>
<b>Proba escrita</b>	25	50	60	60	40	40	70	30	50	0
<b>Táboa de indicadores</b>	75	50	40	40	60	60	30	70	50	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	0	0	55	65	<b>48</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	100	100	45	35	<b>52</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe do alumnado; para iso, é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Algunhas das ferramentas para a avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe servirán para o desenvolvemento común de competencias en todas as áreas; outras, para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica nas distintas materias.

Observación e rexistro de:

- Traballo diario
- Uso e corrección da lingua oral.
- Uso e corrección da lingua escrita
- Lectura fluída de diversos tipos de textos
- Comentarios orais e escritos das lecturas
- Traballos escritos
- Uso do dicionario
- Coñecemento gramatical
- Coñecemento literario
- Uso das ferramentas dixitais
- Uso da busca de información e fiabilidade das fontes
- Actitude na aula
- Traballo na aula virtual

Ademais, durante todo o curso académico realizaranse:

- Proba de avaliación inicial
- Actividades escritas e orais de cada unha das unidades
- Actividades de repaso, escritas e orais, de cada unha das unidades
- Actividades de repaso, escritas e orais, de cada un dos trimestres
- Proba/s escrita/s en cada un dos trimestres

A avaliación enténdese como un elemento máis do proceso educativo en tanto que permite orientar e dirixir de forma permanente a aprendizaxe. Neste sentido, a avaliación contribúe a mellorar o rendemento do alumnado. Para que isto sexa posible, cómpre que a avaliación sexa continua e que estea atenta á evolución do proceso global de desenvolvemento dos escolares. Polo tanto, partiremos dunha avaliación inicial, da situación en que nos atopamos ao inicio da aprendizaxe, e continuaremos ao longo de todo o proceso educativo mediante a observación sistemática de actitudes, disposición do alumnado pola disciplina, a participación, o interese, o esforzo, etc., observando en que medida se van conseguindo os obxectivos marcados, mediante o seguimento das actividades diarias, a claridade expositiva, a orde, a síntese, a actitude, etc.

Para realizar a avaliación do alumnado utilizaranse diferentes mecanismos:

-Probas escritas. Realizarase, como mínimo, unha proba escrita da materia obxecto de estudo e outra dos diferentes libros de lectura obrigatoria que se elixan para cada avaliación. A non asistencia a calquera das probas previamente fixadas, orais ou escritas, deberá ser xustificada con xustificante médico ou similar de carácter oficial, non considerándose válido o realizado simplemente polos pais ou titores legais; en caso contrario aplicarase unha cualificación de 0 puntos.

En toda produción escrita (traballos, exames...) terase en conta a presentación, ortografía e puntuación. Poderase descontar por estes motivos un máximo de 2 puntos.

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, o alumnado tamén deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos.

-Observación directa a través da intervención e participación do alumnado na aula do seu dominio da lingua oral. Nas clases de lingua galega e literatura é obrigado empregar a lingua galega tanto coa profesora como cos compañeiros.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte do alumnado no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

-Realización de traballos que poderán ser de carácter voluntario ou obrigado.

-Valoración do seu comportamento, actitude e traballo. O feito de recibir varias chamadas de atención por parte da profesora por incumprimentos pode levar á perda da valoración correspondente na nota final da avaliación.

A valoración do rendemento do alumnado, cualificada cun máximo de 10 puntos, farase en función dunha porcentaxe ponderada de tres partes:

A) 70%: probas específicas de cada avaliación (unha como mínimo cada trimestre) nas que as tarefas que deberá executar o alumnado esixan a utilización dos contidos e dos procedementos aprendidos, ademais dun nivel de expresión correcto e axeitado (coherencia, cohesión e adecuación) tanto escrito coma oral; nas probas figurará a puntuación debidamente indicada.

B) 10%: lecturas obrigatorias, que se valorarán a través de probas específicas (unha por cada libro de lectura).

C) 20%: valoración do proceso de aprendizaxe do alumnado a través da observación das actitudes (atención, participación e esforzo), do traballo diario, do traballo na aula virtual, da práctica oral e da elaboración e análise de textos.

Para a nota final teranse en conta as cualificacións obtidas en cada avaliación e ademais considerarase a evolución do alumnado ao longo do curso. Os alumnos e alumnas que acaden unha nota media das tres avaliacións de 5 ou máis puntos terán a materia aprobada. Durante o período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, este alumnado realizará actividades de reforzo e ampliación. A súa nota final poderá incrementarse con respecto á media das tres avaliacións parciais tendo en conta o traballo e o resultado acadados nesas actividades.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de non acadar unha nota media de 5 nas tres avaliacións, realizarán ao final de curso un exame global final sobre os contidos e os procedementos aprendidos, que será valorado sobre 9 puntos, ao que se lle sumará a media dos controis de lectura obrigatorios das tres avaliacións, que terá unha valoración máxima de 1 punto.

O alumnado que teña que presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño realizará unha proba escrita sobre a materia obxecto de estudo. A valoración máxima nesta proba será de 10 puntos.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado da bacharelato que teña pendente dun curso anterior a materia de Lingua Galega e Literatura poderá superala por medio dun dos dous procedementos seguintes, que non son excluíntes:

1. Mediante unha avaliación continuada que realizará a profesora que imparta a materia no curso en que estea matriculado o estudante. Cada profesora proporcionalle a este tipo de alumnado material de traballo tomando como base os contidos e obxectivos explicados na correspondente programación de cada nivel. Este material estará dividido en tres bloques. O alumnado realizará este traballo e fará unha proba de cada un dos bloques. A nota media das tres probas para considerar a materia superada será de cinco.

2. Se o alumnado non aproba a materia pola anterior vía, ou decidise non facer uso dela, poderá realizar a correspondente proba final de carácter oficial no mes de maio.

O alumnado que non supere a materia, durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación de distinta tipoloxía coa finalidade de poder superala.

#### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non resulta de aplicación nesta etapa.

#### 6. Medidas de atención á diversidade

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos realizar, en primeiro lugar, unha descrición do alumnado despois da avaliación inicial e recompilar información diversa sobre cada grupo. Como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

¿ Número de estudantes.

¿ Funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

¿ Fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.

¿ Necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

¿ Fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.

¿ Desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

¿ Aspectos que se deben ter en conta ao agrupar o alumnado para traballos cooperativos.

¿ Tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un nivel de logro óptimo do grupo.

#### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación moral e cívica	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde e calidade de vida	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a igualdade de sexo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación do consumidor	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o lecer	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Educación moral e cívica	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.2 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde e calidade de vida	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a igualdade de sexo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación do consumidor	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o lecer	X	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Coidamos fundamental ter en conta os elementos transversais como forma de relacionar os contidos das diferentes materias, considerando os valores e as actitudes implícitos nestes contidos. O propósito é contribuír a que a educación dos estudantes se leve a cabo cunha maior unidade de criterio entre as distintas materias, o que pode lograrse prestando atención, ao presentar a organización do proxecto curricular, a aqueles contidos que posúen carácter interdisciplinar.

Ao desenvolver os contidos dunha materia como a que nos ocupa, é difícil incluír todos os temas transversais en todas as unidades, pero tamén é difícil planealo porque calquera contido pode saír en calquera momento: para un debate, para unha redacción, nun texto.... Por iso se sinalan todos os contidos transversais en todas as unidades.

O talante con que se han enfocar os contidos transversais debe ser integrador, é dicir, non deben ser entendidos como *¿engadidos¿* ao currículo nin como *¿materias illadas¿* que supoñan a elaboración de novos contidos; moi ao contrario, deben servir como vía para adoptar perspectivas múltiples que abran camiño e permitan dirixir e *¿enfocar¿* os coñecementos de modo máis completo e eficaz.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Representacións teatrais e cine en galego	Cómpre aproveitar calquera ocasión para acudir a estas actividades culturais. Por unha banda, moito do noso alumnado non volverá ó teatro, unha vez rematada a súa etapa escolar. Por outra banda, as películas en galego son tan poucas que aínda que vaian ó cine, non as escollaran.			
Rutas literarias	Gozar coa literatura é básico para converterse nun lector reincidente. E para gozar coa literatura cómpre coñecer a fondo as historias, os ambientes, as paisaxes.... De aí a importancia das rutas literarias			
Ruta rosaliana	Ruta de 3 horas para coñecer os recunchos de Santiago de Compostela relacionados con Rosalía de Castro ou coa súa obra.			

#### Observacións:

Durante este curso académico, sempre que sexa posible, contéplase a realización de diversas actividades complementarias e extraescolares:

- Charlas con escritoras
- Asistencia a obras de teatro
- Obradoiros literarios
- Rutas literarias

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Desenvolveuse a programación segundo a secuenciación e temporalización
Secuenciación adecuada das unidades didácticas.
Uso de diferentes instrumentos de avaliación.
Uso de distintas estratexias metodolóxicas.
En cada unidade, infórmase ao alumnado dos obxectivos, competencias, actividades e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade, introdúcese o tema e as actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado.
Os contidos e actividades parten de coñecementos previos, vincúlanse cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo co alumnado con dificultades de aprendizaxe
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

#### Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Finalmente, na memoria de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.



## 9. Outros apartados